

Aníbal Otero (1911-1974)

1. *Biografía de urxencia*

Aníbal Germán Alejandro Otero Álvarez nacéu en Barcia, Ribeira de Piquín, Lugo, o 21 de xaneiro de 1911. Era fillo de militar (combatente na Guerra de Cuba) e, por mor dos traslados sucesivos a que tal profesión obriga, o domicilio dos Otero desplázase, sucesivamente, a Vigo, Lugo e Valladolid. Nestes tres puntos transcurre a nenez e infancia de Aníbal Otero, interrompida por longas estadias na casa petrucial da súa Ribeira natal, onde aprende as primeiras letras.

Fai os primeiros anos de Bacharelato en Lugo e remátao en Valladolid.

No ano 1926 ingresa na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade Central. Durante os anos de carreira os mestres Pidal, Navarro e Castro fixeron aumentar nel a paixón pola filoloxía.

Polo ano 1931 entróu a traballar no Centro de Estudios Históricos. Sendo colaborador do Centro (e xa antes, nos primeiros anos de estudante universitario) recorre, na compañía de Julio Atalaya Ares, moitos lugares de Castela, León, e, sobre todo, de Galicia e do Occidente de Asturias, recollendo materiais pró *Romancero general de España* (agora *Romancero tradicional de las lenguas hispánicas*, a cargo de varios editores, dos que leva, según parece, a meirande responsabilidade, Diego Catalán).

O principiare os traballos do ALPI pasóu a formar parte do equipo encargado de facé-lo labor de campo. Prescindindo de facer referencia ás épocas en que foron realizadas as enquisas, posto que é un feito de sobra coñecido, por estar vinculado coa mesma vida do ALPI, a proporción de labor de A. O. nesta empresa foi a seguinte: de 528 puntos de que consta o *Atlas* visitóu 181 (51 soío, 44 con Espinosa, 14 con Gusmão, 53 con Cintra, 19 con Cintra e Sanchis Guarner). Xeográficamente toda Galicia e Portugal, as provincias de Valladolid, Segovia e Zamora e parte das de Palencia e Avila.

Anque non é un dato estrictamente académico coído que é mester facer neste intre unha alusión ó percalce biográfico máis importante de súa vida posto que por el quedóu marcada pró resto dos seus días.

No mes de Santiago do ano 1936 estaba en terras do N. de Portugal, xunto con Gusmão, enchendo os cadernos portugueses do ALPI. Alí soubo da sublevación militar española e das dificultades que estaba pasando o Goberno de República. Preocupado pola súa familia, escribiúlle a súa nai unha carta onde lle decía que tivese calma, que aquela situación era transitoria e que o Goberno acabaría por dominala. Tivo a desgracia de que a tal carta foi interceptada na fronteira polas autoridades, xa nacionais, e inmediatamente foi pedida a súa estradición ó Goberno portugués. O 5 de agosto foi entregado e metido no cárcel de Tui. Alí tivo por compañeiros, entre outros, a Álvarez Limeses, Serafín Fernández e Segundo Pampillón.

Compre deixar constancia de que A. O. era políticamente inofensivo. Non pertencéu, que saibamos, a ningún bando político e menos de esquerda radical. A súa desgracia veulle, máis ca nada, por demostrar simpatía por un réximen que o estimulaba e lle axudaba na súa carreira de filólogo.

Despóis de preso, instruíuselle xuicio e o instructor, cegado pola xenreira e vítima dunha ignorancia homicida ensañouse desmesuradamente co A. O. Entre outras cousas quixo facerlle firmar unha declaración na que aceptaba a pena de morte, ó que, evidentemente, o A. O. se negou. Non lle valéu de moito, pois o feito de que o colleran cando viaxaba nun coche oficial do goberno, con bandeira republicana, e de levar na maleta os cadernos do *ALPI*, cheos de signos estraños pra un ignorante, eran probas dabondo pra consideralo como espía. A comprobación pericial de que aquilo non era senón un alfabeto fonético non bondou siquera pra que o fiscal retirara a petición de pena de morte. Puido, con todo, exercerse algunha influencia sobre o xuez a través dun segredario do xuzgado militar pra que a pena de morte quedara reducida á inmediatamente inferior. Nesta xestión foi decisivo o testimonio escrito que Segundo Pampillón (xa ceibe) fixo chegar o xuez a través do segredario mencionado.

Despóis do xuicio foi trasladado á prisión de Burgos e nela estivo hastra o 22 de maio de 1941, que se lle concedeu a liberdade condicional. Ó ano seguinte, o 20 de agosto, chegoulle a liberdade definitiva.

Cando se remataron os traballos do *ALPI*, según as condicións postas por D. Tomás Navarro de que tiña que seguí-lo mesmo equipo, reanudou a súa investigación en Portugal, con Cintra e Sanchis Guarner. Ocorría esto polos anos 1953-1954. O coche agora pagábao o C.S.I.C.

No ano 1958 foi elixido correspondente da Real Academia Galega. No ano 1964 foi elixido numerario da mesma institución. Por considerar que ese nomeamento debía ser algo máis ca honorífico e non estando en condicións de dedicarlle á Academia todo o que el creía que ún debía dedicarse, renunciou a tomar posesión da súa cadeira.

Nos derradeiros anos, a enfermidade nerviosa que arrastraba desde os anos da cadea foise agravando. O 11 de marzal de 1974, cando parecía que se estaba operando unha melloría, sobrevéulle a morte na súa casa de Barcia, onde nacera había 63 anos.

2. *Bibliografía de Aníbal Otero*

Non é abundante nin chegou a acadar, senón unha soia vez, forma de libro impreso. Non contén, por outra banda, doutrina de carácter teórico ou interpretativo sobre o galego en ningún dos seus eidos. Podemos dicir que o seu labor se parou cando debía de principiar, pois era a través do amplo coñecemento xeográfico do galego que el tiña, cando se podía chegar a albiscar dunha maneira orgánica a estrutura lingüística de Galicia. Faltaban aínda estudos de tipo histórico, pro o máis urxente estaba en vías de vérselle un cabo non moi lonxano. A catástrofe de 36-39 non sóio truncou a súa carreira académica (o expediente de A. O., co de outros moitos, ardeu cando a toma da Cidade Universitaria de Madride) senón que lle aniquilou a esperanza e con ela a afouteza dos 20 anos. Tamén lle resultou duro afa-

cerse á separación irremisible dos seus mestres Pidal, Navarro e Castro. Sóio o alento epistolar que lle daban algúns deles, maiormente D. Tomás e don Ramón, o decidiu a publicar moitas das papeletas lexicográficas que levaba recolleitas.

Dun xeito eshaustivo, a súa obra publicada redúcese ó que sigue:

“Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués”, 24 fascículos publicados nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* entre os anos 1949 e 1971.

“Contribución al léxico gallego y asturiano”, 10 fascículos publicados en *Archivum* de Oviedo entre 1953 e 1964.

“Irregularidades verbales del gallego”, *CEG*, VII, 1952, p. 399-405.

“Una versión latina popular de las doce palabras retornadas”, *CEG*, VI, 1951, p. 289-295.

“Voces onomatopéyicas del gallego-portugués” en *Homenaje al Profesor Alarcos*, t. II, Valladolid, 1966, p. 63-72.

Contribución al diccionario gallego, Galaxia, Vigo, 1967.

Deixa obra inédita. Algunha de carácter filolóxico, outra de carácter literario (en verso e en prosa). Entre as filolóxicas podemos lembrá-la recolleita eshaustiva que tiña feita do vocabulario de San Jorge de Piquín, que aparecerá este mesmo ano como anexo desta revista. O manuscrito debe de datar do ano 1941 ou 42 pro contén centenaes de intercalacións posteriores.

De moito interés lingüístico pode sé-la colección de romances que levaba recolleitos pró *Romancero general* de Menéndez Pidal. Algunhas das variantes están sendo utilizadas no *Romancero tradicional de las lenguas hispánicas*. De seguro que non van ser utilizadas na súa totalidade de ahí o interés da publicación da copia que el conservaba. Coido que en breve se vai proceder á súa edición.

Hai outro manuscrito lexicográfico datado no ano 1941. Consta de 208 cuartillas mecanografiadas e nel recolle sóio as verbas que naquela data non estaban incluídas aínda nos dicionarios galegos (o derradeiro era o de Carré). Esta obra carece xa de interés porque a maioría das entradas que nela figuran foron aparecendo nas “Hipótesis” e nas “Contribuciones” xa mentadas. É fundamentalmente rico en términos mariñeiros.

Tense falado moito e desacreditado unha e outra vez as *hipótesis* de A. O., e con razón, pois as tales hipótesis ou lemas baixo os que agrupaba as verbas por supostas familias etimolóxicas, non eran senón unha diversión ou xogo de fantasía. Pro compre decir que el non as consideraba senón eso: hipótesis, productos da imaxinación, sin crítica posterior que as xustificase. Trátase dunha etimoloxía isidoriana ou menageana que non se explica de non ser pola escasez, mesmo miseria, bibliográfica na que se desenvolvía. El era o primeiro en se decatarse, por eso non perdía ocasión de rebaixalas ó seu xusto nivel. Con todo, parécese que non se poden descartar en bloque, por moita precaución con que deban mirarse, aínda as máis verosímiles. E quizáis algunhas parecerían mesmo razonables, especialmente as acepcións novas que xurdiron por vía de metáfora, se se nos explicara o vínculo que el intuía entre a acepción orixinaria e a derivada.

Pro o que Aníbal Otero intentaba facer non era unha contribución ó *Diccionario etimológico galego* senón ó *Diccionario galego* ás secas. Isto teno dito moitas veces. O seu terreo era a lexicografía, non a etimoloxía. E no

del, naide pode discutir que era un verdadeiro mestre. Coido que naide entre nós definiu coa esactitude e concisión con que el o fixo. Nesto era fiel ó consello do seu mestre Pidal e que lle teño sentido varias veces: “Lo que importa es recoger mucho y bien”. Polo que lle tocóu naide pode negar que o fixo así, anque non chegase a recoller tanto como el quería nin nós desexabamos. Insisto en que é mester enfocá-la súa obra dentro destas medidas.

3. Aníbal Otero e o galego

Quizáis resulte sorprendente pra moitos saber que a verdadeira vocación de A. O. era a creación literaria. Son, con todo, moi contadas as obras literarias que deixou (dúas ou tres poesías soltas no semanario *Guión*, de Lugo, e *Nós* amáis do inédito). Tal escasez sóio é explicable tendo en conta a alternativa que en xeneral se lle presenta a todo escritor galego: escollé-lo camiño do castelán, lingua maioritaria, rica e definitivamente fixada, traicionando deste xeito un compromiso coa terra; ou ben decidirse polo camiño do galego, menos rentable, anque máis auténtico. A. O. escolléu a única vía que lle parecía éticamente posible. Ora, o galego literario da súa época — e desgraciadamente aínda o de hoxe — estaba moi lonxe de ser un instrumento adoito ás necesidades dun escritor. Case non se movía — e seguimos na mesma — senón arredor de dous polos opostos: o dunha castelanización abraiante e o dun artificialismo baseado no arcaísmo e noutras trampas. Isto explica que o noso autor antes de botarse a andar polos vieiros literarios, intentase facerse amo dun idioma rico e auténtico. Dábase nel ademáis unha circunstancia óptima pra realizar este labor: a de ter unha preparación lingüística considerable que o convertía ó mesmo tempo en filólogo profesional; isto liberábao de moitos prexuízos cos que frecuentemente se achegan á lingua tantos escritores galegos. Cadróulle, por riba, unha ocasión irreplicable: ó tempo que realizaba as investigacións pró *ALPI* aproveitaba pra tomar, marginalmente, infinidade de datos que el, de modo maxistral, sabía facer xurdir nas súas conversas cos informantes.

A guerra acabou acernándolle a vocación xuvenil de escritor. A súa moral de derrota decíalle que xa nada valía a pena, que non tiña obxeto salvá-lo nome de cada cousa porque xa non quedaba esperanza de que as xestas frolecesen de novo.

Outros superaron este pesimismo e consideraron que aínda valía a pena agarrar, unha vez máis, a pluma de Rosalía. Non sei o que pensaría deles o Aníbal porque nunca lle teño sentido pronunciarse. O que sei con seguridade é que lle doía a falta de ética (quizáis mellor: vergoña) lingüística dos nosos escritores. “Pero de esto no se dan cuenta algunos de nuestros literatos que creen que la lengua literaria debe ser una jerga inventada por ellos — una especie de *trampitán*, como decía burlonamente E. Correa Calderón — y no la selección del único gallego que hay, que es el conservado por el pueblo. El resultado de las obras escritas por aquellos ingenios es que en el extranjero se rían de nosotros: pero ¿éste es el gallego de Vds.?, me decían burlonamente en el Centro de Estudios Filológicos de Lisboa,

mostrándome un libro escrito por uno de nuestros más conspicuos literatos". (Carta datada en Barcia o 8.1.63).

Dun xeito semellante, anque aínda máis explícito, exprésase noutra ocasión: "Volviendo a lo de antes, de momento interesa más el estudio del gallego oral que el del histórico, porque es más rico y es el único que puede proporcionarnos el medio adecuado de expresión literaria: nadie va a pretender fundar el gallego literario sobre el histórico. Apremia publicar un buen diccionario para orientar a nuestros escritores y evitar que se lancen a inventar palabras que sólo sirven para irrisión de propios y extraños; esos 'achádegos de cadeirádegos' como los llamaba Unamuno, muy divertido, y que le servían de pie para atacar el galleguismo. Si, en vez de esos inventos, presentáramos estudios serios del idioma nadie se hubiera reído de nosotros. (...). Esas invenciones, además, no sirven más que para encubrir la ignorancia y la pereza; son completamente innecesarias, pues existen en gallego las formas correctas correspondientes al engendro. (...). ¿A qué viene romper con el pasado y crear una palabra nueva? El gallego es una lengua hecha y derecha, con larga evolución histórica, no es una lengua a fraguar por maestros aficionados a la literatura. Estos pueden crear una jerga, un esperanto, un *trampitán*, pero nunca un idioma porque éste es obra de todo un pueblo y no de una casta, por muy literaria que sea. Hay que reconocerle al gallego las generales de la ley, y estudiarlo, como se estudian todos los idiomas. Un idioma, decía Quintiliano, es razón, antigüedad, autoridad y costumbre. No ignorancia ni invención". (Carta do 25.10.63).

Moitos suscribiríamos, por máis que nos pese, esas palabras, que, a máis da verdade intrínseca que conteñen, encerran a cualidade de estaren ditas na humilde sinxeleza dunha carta confidencial e non na palestra grandilocuente dunha conferencia ou dunha revista do ramo.

Pro volviendo ó caso: o feito de que fale unha e outra vez da necesidade de un *Diccionario* quere decir que ningún dos que estaban feitos na data en que foron escritas as cartas que transcribo, lle merecía crédito. En realidade a súa xenreira contra a lexicografía "oficial" iba maiormente dirixida contra don Eladio. Hastra tal punto lle daba terrexio ese dicionario ("mescolanza de castellano, americano, latín, grego y gallego") que mesmo tiña pensado —despóis cambiou de opinión— escribí-lo seu discurso de entrada na Academia Galega sobre os disparates dos dicionarios galegos. Non chegou a facelo e por eso sigue aínda disimulada a trampa dos dicionarios de gabinete, consistente en "papeletizarse" acriticamente uns ós outros. Este é un feito que calquera, por pouca lexicografía que saiba, pode comprobar comparando dúas mostras ó chou. Pro o que a calquera non lexicógrafo lle pasaría desapercibido e que a el, coa súa teima pola esactitude dos significados, lle resultaba máis alporizante, eran as definicións disparatadas. Que por desgracia non faltan. "He aquí un ejemplo: CARRABOUXOS, *Niños pequeños hijos de un matrimonio pobre que los tiene muy seguidos*". E velahí a crítica: "Existen lenguas especiales, como las de ciertos cazadores que llegan a distinguir diez o doce matices en los colores de determinadas piezas; pero no creo que exista en el mundo ninguna lengua en la que esté representada por una palabra concepto tan específico como el arriba apuntado, y que no puede admitirse a menos que el diccionarista nos presente las

palabras que faltan en la serie de la especialidad tan estupenda descubierta por él, o sea, las que deberían designar a los 'niños pequeños hijos de un matrimonio pobre que no los tiene seguidos'; a los 'niños pequeños hijos de un matrimonio rico', etc.; a los 'niños pequeños hijos de varios matrimonios', etcétera, etc. Aparte del disparate viene la ignorancia, más disculpable, como dije. CARRABOUXO es cierta agalla del roble y el insecto llamado 'mariquita'. El sentido recogido por D. Eladio es traslaticio, nada más". (Carta do 6.9.63). A verdade é que non se explica ún cómo puido D. Eladio deducir tan fantástica definición dos versos de P. Placer, de onde está tomada a palabra: *xa tiñan cinco fillos, cinco carrabouxos que cabían debaixo dun cesto*.

Aparte dun dicionario pra uso de escritores pensaba tamén noutro (que podía sé-lo mesmo) como instrumento científico, testemuña fidedigna do uso actual, con localización de variantes, atento ós pormenores fonéticos e de outro tipo. El máis ca naide era consciente desta necesidade pois o mesmo que lle doía que se burlaran os de fora do galego dos nosos textos literarios tamén o amolaba que os lingüistas tiveran que lamentar continuamente o inutilizables que son os nosos dicionarios pola cantidade de fantasmas que conteñen. Adoitaba citar moitas veces as palabras de Piel de que non sabiamos aínda cómo era o galego de sitio ningún. Por outra banda era consciente da urxencia en recollé-lo noso tesouro léxico; tesouro que mengua día a día con cada vello que morre. Nunca esmorecéu nel a aspiración de conquistar ese "El Dorado", que en verbas de Krüger, era Galicia prós dialectólogos. Pra logralo tiña, naturalmente, un plan: facer un estudio en profundidade nunha serie de puntos da xeografía de Galicia (reducidos por el, realistamente, a 20). Pra ese estudio un dialectólogo dilixente precisaría un mínimo de dous meses de convivencia cos veciños da localidade explorada. Sóio con esa calma sería posible chegar a "agotar", como se di na xerga dos investigadores de campo, as particularidades lingüísticas dunha localidade patrón. Deste cálculo podemos deducir doadamente o porcentaxe marginal e mínimo que forzosamente teñen as notas tomadas durante os interrogatorios do ALPI, normalmente de tres días de duración.

Lamentamos que cando el tiña azos non xurdiran os mecenas, e que cando os mecenas xurdiron a el xa se lle acabaran os azos. De moito traballo estaríamos liberados os que vimos detrás del.

Que canto deixamos dito sexa tomado en honra e xustificación dunha vida honesta, inxustamente maltratada.

A. S.